



## Dios Ke Te Crew celebra os seus 'Tremendos Anos 20' sobre os escenarios este sábado 18 na Coruña

A banda máis emblemática do hip hop do país actuará no Playa Club a partir das 22:00 horas, nunha cita que contará coa colaboración de Boyanka Kostava e cuxas entradas están dispoñibles en [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es)



Dios Ke Te Crew © Iago Vilarinho

**17 de marzo de 2023.-** Dios Ke Te Crew, a banda máis emblemática do hip hop galego, actuará mañá, **sábado 18 de marzo**, na Coruña. A cita, que comezará ás 22:00 horas, enmárcase na **nova xira do grupo, nomeada Tremendos Anos 20**, coa que o grupo celebra o seu vixésimo aniversario sobre os escenarios revisando os grandes éxitos da súa traxectoria e presentando as súas últimas creacións. O **Playa Club** acollerá o segundo directo da xira, nunha actuación na que tamén estará presente **Boyanka Kostova**, o dúo de referencia do trap galego, formado por **Sibran Yiyi** e **O Chicho do Funko** (coñecido tamén polo seu proxecto musical Ortiga). As entradas están á venda na plataforma [www.enterticket.es](http://www.enterticket.es)



Dios Ke Te Crew é historia do rap en galego. Desde a súa formación no 2003, a banda conformada por **Mou, Sokram, Jamas e Dj Murdock** destacou polo seu enxeño, habilidade narrativa e humor próximo á actualidade. Logo da publicación de tres LP e percorrer ducias de festivais e salas de concertos por toda Europa, DKTC publicou o pasado 2022 *En que ano estamos?!*, un EP con cinco temas nos que os seus membros demostran por que é considerada como a banda máis mítica do hip hop do país. Entre os novos tracks, acompañados por pezas audiovisuais de Xaime Miranda, destaca un dos himnos dos últimos tempos: [OG \(Orixinal Galego\) con Boyanka Kostova](#).

Este mes de marzo DKTC regresa ás salas ca xira **Tremendos Anos 20**, na que presenta unha potente posta en escena audiovisual: as imaxes creadas polo artista de renome internacional e precursor do Gif Art, **A.L. Crego**, arroupan e interactúan co contido das cancións de DKTC, aumentando de maneira exponencial ás xa de por si enérxicas actuacións que caracterizan á banda.

### **CONVOCATORIA - DIOS KE TE CREW NA CORUÑA**

**Acto:** concerto na Coruña da xira 'Tremendos Anos 20'

**Data:** sábado 18 de marzo

**Hora:** 22:00 horas (21:30 horas apertura de portas)

**Lugar:** Playa Club (Andén de Riazor s/n)

#### **Contacto de prensa DKTC**

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Descarga aquí o [kit de prensa](#) DKTC - Xira Tremendos Anos 20